

ANEXO V
Modelo de renuncia

D/Dª..., co DNI nº..., e D/Dª..., co DNI nº..., actuando en representación da entidade ..., con CIF nº ..., en relación coa solicitude de axuda para a actuación denominada ...,

MANIFESTA:

Que o día ... (incluírase o texto «publicouse no *Diario Oficial de Galicia*» no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou «recibiu a notificación» no caso de que as notificacións daquelas se vaian a facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada, por unha contía de ... euros, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2008, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN520A).

E DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

.....de..... de

Asdo.:

O.....

(Sinatura)

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código de procedemento IN521C).

A Xunta de Galicia aprobou en decembro de 2006 o Plan estratéxico galego da sociedade da información (PEGSI) 2007-2010, coa misión de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galicia, de xeito que se garanta de forma real a compatibilidade entre o crecemento económico, e a creación de emprego de calidade, os maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega, e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

A Consellería de Innovación e Industria está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega, que, ante a situación de incerteza económica existente, exige aos axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia un esforzo para paliar os seus efectos. A potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións son, sen lugar a dúbidas, instrumentos xeradores de riqueza. Esta orde forma parte dun conxunto de medidas que a Consellería de Innovación e Industria está pondo en marcha dirixidas a este fin.

O Consello de Ministros do día 4 de novembro de 2005 adoptou o Protocolo polo que se aproba o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e a converxencia con Europa e entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, denominado Plan Avanza.

O Plan Avanza responde ao mandato que a Comisión Europea realiza aos Estados membros no seu Plan i2010 Unha sociedade da información europea para o crecemento e a ocupación, publicado o 31 de maio de 2005, para que elaborasen antes de final dese ano os programas de reformas nacionais onde definiron as súas prioridades para a sociedade da información en liña coas orientacións integradas para o crecemento e a ocupación adoptadas para a Comisión Europea, en abril de 2005.

As tecnoloxías da información están operando tales mudanzas nas formas de aprender, traballar, comprar e vender, crear e obter información, é dicir, de comunicarnos, que é obrigado asegurar a difusión das súas posibilidades e a formación necesaria para conseguir competencias na súa utilización.

Desde a Consellería de Innovación e Industria, órgano da Xunta de Galicia que, segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias de fomento e impulso da sociedade da información, considérase que neste labor debemos invitar a colaborar as diferentes asociacións, fundacións, etc. de que se dotou a sociedade galega, para que as actuacións que estean considerando promover con estes obxectivos poidan ser coordinadas e apoiadas desde esta consellería.

As actuacións desta convocatoria financiaranse coa participación do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, en virtude da addenda 2008 ao convenio marco de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Programa Cidadanía Dixital, no ámbito do Plan Avanza asinada o 4 de xullo de 2008.

Con esta finalidade e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a con-

cesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria para impulsar a realización de actuacións de difusión, de sensibilización e formativas, así como promover a produción e difusión de contidos dixitais en lingua galega, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009 (código de procedemento IN521C).

3. Esta orde tramítase como expediente anticipado de gasto, polo que a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente de acordo co disposto no artigo 3 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Artigo 2º.-Procedemento de presentación das solicitudes.

Para poder ser beneficiario da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizados que se inclúen como anexos III e IV desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 6º.2 das bases reguladoras.

A presentación de solicitudes farase en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia ou por vía escrita (en soporte papel).

Os formularios da solicitude de axuda deberaos obter, cubrir e validar necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Internet Expres (procedemento IN521C) establecida na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://www.conselleriaiei.org>. Tamén pode accederse desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN521C. Estes modelos, unha vez validados pola aplicación informática, valerán tanto para a presentación en papel como para a presentación electrónica, que se describe no artigo seguinte. A validación estará realizada cando a aplicación informática dea a mensaxe de validación realizada.

Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do 19 de febreiro de 2009.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a través dos teléfonos 881 99 95 31 e 981 54 55 83, do número de fax 881 99 93 84 ou do enderezo de correo electrónico axudas@sociedadedainformacion.eu que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

Os anexos III e IV desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa da desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ata o 20 de febreiro de 2009, ambos inclusive.

As solicitudes, en formato papel, presentaranse no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano en Santiago de Compostela (A Coruña). Tamén poderán presentarse en calquera outro órgano da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992).

As solicitudes que se presenten en formato electrónico presentaranse ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do representante legal da entidade solicitante sempre que non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os requisitos de presentación electrónica especificados no anexo II (Definicións e descrições). Unha vez completado o proceso de transferencia telemática emitirase un recibo no que quedará constancia do feito da presentación e que poderá ser impreso e gardado polo interesado. A obtención do dito recibo é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros, e acredita fronte a Administración e ante terceiros a devandita presentación.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a nove meses.

Dentro deste prazo, e dado o carácter de concorrencia competitiva da convocatoria, poderanse realizar mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* os requirimentos de emenda e reparación de erros nas solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN521C, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselleriaiei.org) na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual

b) Nos teléfonos 881 99 95 31 e 981 54 55 83.

c) No enderezo electrónico:

axudas@sociedadedainformacion.eu

Así mesmo, para cuestión xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde fóra de Galicia 902 12 00 12).

Adicionalmente ao punto anterior, unha vez presentadas as solicitudes, poderán habilitarse canles personalizadas (ver anexo II- Definicións e descrições aplicables) de información cos interesados, con independencia dos medios preceptivos de notificación recollidos no artigo 13º das bases reguladoras.

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información para que dite as resolucións necesarias que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza.

Artigo 1º.-Obxecto e réxime da subvención.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto impulsar a realización de actuacións de difusión, de sensibilización e formativas, así como promover a produción e difusión de contidos dixitais en lingua galega, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O procedemento de concesión desta subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

*Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.**2.1. Consideracións xerais.*

a) Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación establecida no artigo 19º destas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

b) En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Así mesmo, a comisión de valoración poderá considerar como non subvencionables, ou limitar a súa porcentaxe en relación co investimento subvencionable total do proxecto, á vista das solicitudes presentadas, aqueles conceptos que se consideren menos críticos para o normal desenvolvemento da actuación obxecto de axuda ou elementos que se consideren reiterativos doutros acometidos e subvencionados en exercicios anteriores.

c) En ningún caso unha mesma entidade recibirá subvención para máis de dúas actuacións. No caso de que unha entidade presente máis de dous proxectos, a elección do proxecto ou proxectos subvencionados será a criterio da comisión de avaliación establecida no artigo 10º destas bases reguladoras, tendo en conta que a suma dos dous proxectos non supere nunca os límites máximos por beneficiario.

2.2. Gastos subvencionables.

En todo caso, destinaranse a cubrir os gastos relativos aos seguintes conceptos:

-Gastos de difusión e promoción, así como a elaboración de material promocional, tales como catálogos e folletos.

-Gastos asociados aos relatores ou profesores (naqueles proxectos que contraten relatores, o importe máximo que se concede por relator será de 300 euros por curso, ao que se lle engadirá outros 300 euros, como máximo, en concepto de desprazamento e axudas de custo).

-Gastos de persoal contratado exclusivamente para levar a cabo o proxecto ou actuación, e dedicado directa e exclusivamente a este, sempre que antes da solicitude o persoal contratado non formase parte da nómina da entidade solicitante.

-Gastos asociados á organización do curso ou evento tales como aluguer de locais e/ou mobiliario, limpeza e seguridade, durante a realización do evento.

-Gastos de elaboración de materiais, tales como manuais, relatorios, etc.

-Outros gastos suplementarios, directamente derivados da actuación, que estean perfectamente xustificadas, e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.

-Gastos de conexión á internet (consideraranse gasto subvencionable a alta de conexión á internet así como as cotas só durante a realización do evento).

-Para o caso específico de asociacións de discapacitados, serán subvencionables os gastos de adquisición de periféricos que permitan o acceso de persoas con discapacidade á integración cos equipos informáticos.

-Para o caso dos eventos consideraranse subvencionables os gastos derivados do mantemento de páxinas web durante o tempo da súa realización. Unha vez rematado, poderanse considerar subvencionable por un período máximo de seis meses, desde a finalización do evento, co obxecto de realizar actividades de difusión dos resultados, publicación de relatorios e artigos dos eventos, sempre que se acredite suficientemente.

-Só se considerarán gastos subvencionables as axudas de custo e desprazamento correspondentes aos relatores dos eventos.

-Exclusivamente para difusión de contidos dixitais (liña E), poderán ser subvencionables os gastos de xeración de novos contidos dixitais, así como os gastos de dixitalización de contidos xa existentes, a súa indexación e a súa posta en servizo. Dentro desta liña de actuación tamén serán subvencionables os gastos de elaboración de páxinas web, así como os gastos de campaña de difusión dos contidos na internet.

2.3. Liñas de actuación.

As actuacións subvencionables obxecto desta orde estrutúranse nas seguintes liñas de actuación:

Liña A: Actuacións de promoción e difusión da sociedade da información.

Poderán ser subvencionables os proxectos encamiñados á organización e celebración de eventos neste ámbito, tales como xornadas, sesións de demostración práctica do uso da internet, conferencias ou congresos de profesionais especializados, que teñan por obxecto a promoción e difusión de materias relacionadas coas infraestruturas e servizos de telecomunicacións e as tecnoloxías da información e a sociedade da información en xeral.

Liña B: Actuacións formativas dirixidas á cidadanía en xeral.

Poderán ser subvencionables as actuacións orientadas a satisfacer as necesidades formativas no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións (en diante TIC) da cidadanía en xeral.

Liña C: Actuacións formativas especializadas, no ámbito das TIC.

Poderán ser subvencionables as actuacións orientadas a satisfacer as necesidades formativas específicas das persoas que desenvolvan ou vaian desenvolver a súa actividade profesional no sector das TIC, entendéndose por tal toda actividade económica relacionada coa electrónica, a informática, o tratamento da información, as telecomunicacións, e os servizos de valor engadido sobre os anteriores.

Liña D: Actuacións formativas dirixidas ás Pemes.

Poderán ser subvencionadas as actuacións orientadas a proporcionar a empresarios e traballadores coñecemento sobre o uso e manexo das novas tecnoloxías, que os capaciten para un mellor desempeño do seu posto de traballo actual ou futuro, de xeito que mellore a empregabilidade do traballador e a profesionalidade do empresario.

Liña E: Xeración de contidos dixitais.

Poderán ser subvencionables o deseño e creación de novos contidos dixitais, a dixitalización de contidos xa existentes, categorización, indexación, presentación e programas de interactividade.

Mediante esta liña de axudas preténdese apoiar as entidades sen ánimo de lucro á difusión na internet de distintos proxectos asociativos de pequena e mediana dimensión xa realizados pola entidade nos últimos anos noutros formatos (exposicións, talleres, difusión en papel, etc.) que non teñen actualmente reflexo na rede. Neste caso serán obxecto da axuda só os custos de edición e difusión na internet excluindo os custos de produción ao tratarse de contidos existentes noutros formatos.

Os contidos obxecto de axuda terán que ser liberados mediante licenzas tipo *Creative Commons ou Copy Left* que garantan o acceso público. Neste caso, o autor dos contidos manterá os dereitos de propiedade intelectual, baixo o criterio de licenza pública creative commons na súa variante recoñecemento-non comercial-compartir baixo a mesma licenza, sobre os contidos creados obxecto desta axuda. Alternativamente, o solicitante poderá acollerse a outras formas de compartir publicamente os contidos.

Os desenvolvementos e o software utilizados na realización dos proxectos deberán estar baseados en software libre (ver anexo II), sempre que sexa posible. Todos os sitios web que sexan obxecto da subvención deberán cumprir as directrices para a accesibilidade ao contido de páxinas web do Consorcio World Wide Web W3C (<http://www.w3.org>) mediante a norma de accesibilidade WAI nalgunha das súas tipoloxías.

Se algunha solicitude non presenta ningún investimento subvencionable dentro da liña de actuación subvencionable seleccionada polo solicitante, pero presenta algún investimento que podería ser valorado e se é o caso subvencionable noutra liña de actuación, a comisión de valoración poderá apreciar que na selección inicial se produciu un erro do soli-

citante e adscribirá de oficio a devandita solicitude á liña de actuación que máis se axuste ao contido da solicitude, para a súa valoración competitiva.

Artigo 3º.-Gastos non subvencionables.

Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Os gastos de persoal propio da asociación para a actividade habitual do solicitante, así como calquera outro gasto derivado da actividade habitual da entidade.

b) Os investimentos en elementos que non esgoten a súa funcionalidade ao remate da actividade resultante do proxecto, tales como ordenadores, proxectores, cámaras de fotos, videocámaras, televisións, etc.

c) Considerarase como investimento non subvencionable calquera gasto que, aínda que pola súa natureza se puidese considerar subvencionable, figure incluído e sen cuantificar con outros gastos non subvencionables, é dicir, orzamentos ou facturas non desagregadas.

d) Non terán a consideración de subvencionables aqueles investimentos, ou solicitudes íntegras, nos que os provedores estean relacionados coa entidade solicitante, cos seus órganos directivos ou xestores, de acordo coas definicións recollidas no anexo II provedores vinculados.

e) Non serán en ningún caso subvencionables proxectos en que se preveza a difusión de contidos nocivos, entendendo por tales aqueles que fan un uso exaxerado e gratuito da violencia física, psíquica e verbal. En ningún caso se subvencionarán contidos que non respecten o dereito das persoas, a súa propia intimidade e imaxe, os que inculquen expresións ou testemuños vexatorios ou lesivos pola condición persoal dos individuos. Tamén se considerarán contidos nocivos, e por conseguinte non poderán ser obxecto de subvención, aqueles que presenten as mulleres como inferiores en dignidade humana en función do seu xénero ou como meros obxectos sexuais así como calquera contido que incite ou banalice a violencia de xénero.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta subvención, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas.

Quedan expresamente excluídos como beneficiarios desta orde de axudas:

-As administracións públicas previstas no artigo 2.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-As universidades públicas ou privadas.

-As asociacións de comerciantes, xa que se apoian estes aspectos desde a Dirección Xeral de Comercio

-As cámaras de Comercio, Industria e Navegación.

Así mesmo, en ningún caso poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable (anexo IV).

Artigo 5º.-Financiamento e concorrencia.

Para a concesión das axudas, propias das actuacións que se convocan para o exercicio 2009 e que terán a modalidade de subvención, destínanse un crédito máximo de 1.400.000 euros que serán imputados á aplicación orzamentaria 10.04.571A.781.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Completarase o financiamento coa achega do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que transferiu á comunidade autónoma o importe de 900.000 euros ao abeiro do estipulado na cláusula quinta da addenda ao convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Programa Cidadanía Dixital 2008, no ámbito do Plan Avanza, para o cal xa se realizou a xeración de crédito correspondente. A eficacia desta orde queda condicionada a que se realice a incorporación do devandito importe nos orzamentos do ano 2009.

Aplicación: 10.04.571A. 781.0.

Denominación: Achegas a institucións sen fins de lucro para proxectos da sociedade da información.

Orzamento 2009: 2.300.000 €.

Este importe consignarase aos diferentes tipos de actuacións subvencionables recollidos no artigo 2º destas bases reguladoras, de acordo coa seguinte desagregación:

Tipo actuación	2009 (euros)
Liña A: Actuacións de promoción e difusión da sociedade da información	300.000
Liña B: Actuacións formativas dirixidas á cidadanía en xeral	300.000
Liña C: Actuacións formativas especializadas, no ámbito das TIC	300.000
Liña D: Actuacións formativas dirixidas ás Pemes	300.000
Liña E: Xeración de contidos dixitais	1.100.000
Total	2.300.000

Este importe entenderanse máximo sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o cales poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 11º destas bases reguladoras.

No caso de que non exista suficiente número de solicitudes viables, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida, coas cales se esgote o crédito consignado para algún dos

tipos de actuación aquí recollidos, o crédito sobran- te poderá dedicarse a algún ou algúns dos outros tipos de actuación.

A intensidade máxima de subvención non supera- rá o 85% do custo total das actuacións subvenciona- bles, e, en ningún caso, ningunha entidade recibirá unha subvención total maior de 45.000 euros.

As axudas reguladas nesta orde poderán ser com- patibles con subvencións ou axudas doutras admi- nistracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 6º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indican nos artigos 2º e 3º desta con- vocatoria.

2. As solicitudes estarán compostas pola seguinte documentación en único exemplar:

2.1. Formularios normalizados de solicitude com- postos polos anexos III e IV, obtidos necesariamente a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente :

- a) Anexo III modelo normalizado da solicitude.
- b) Anexo IV modelo de declaración xurada.

Cómpre indicar que a falta de presentación destes formularios normalizados de solicitude, que teñen carácter obrigatorio, implicará a non presentación da solicitude.

2.2. Documentación xurídico-administrativa da entidade solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

a) Escritura de constitución e estatutos debida- mente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, se é o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

b) CIF da entidade solicitante en vigor.

c) Certificado do secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, en que se faga constar a data de nomeamento do representante da entidade, así como o nome, apelidos e o número de documen- to de identidade e que dita representación está en vigor (modelo dispoñible na web da consellería).

2.3. Documentación técnica relativa ao proxecto (orixinal ou copia compulsada).

Memoria explicativa do proxecto en que conste o historial da entidade, obxectivos da actividade, currículo dos relatores/profesores, de ser o caso, e demais datos que se consideren de interese para a valoración do proxecto.

Nesta memoria poderá constar:

-Unha descrición pormenorizada do proxecto que se vai desenvolver.

-Interese, a oportunidade e os obxectivos dos pro- xectos que se van levar a cabo.

-Calendario de execución e orzamento desagra- do e detallado ao máximo dos diferentes gastos nece- sarios para a correcta execución dos proxectos pre- sentados.

-No caso da organización de congresos, xornadas, seminarios, cumios, foros e convencións, terá que especificarse a data de celebración e os relatores.

No caso de que o solicitante non entregue dentro do prazo de presentación de solicitudes esta memo- ria técnica explicativa entenderase que solicita a valoración do seu proxecto coa información dispoñi- ble nos formularios normalizados.

2.4. Orzamentos e ofertas desagregadas.

Segundo o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que o impor- te do investimento (sen IVE) supere a contía de 12.000 euros, o solicitante deberá obter e achegar copia de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción de compromiso para a prestación do servizo ou a entrea do ben. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguin- tes:

2.4.a. En todo caso, copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obti- dos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos. Non terán a consideración de orzamentos, as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

2.4.b. Se o orzamento ou oferta superase a contía de 12.000 € deberase achegar ademais unha copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofer- tas que non foron seleccionadas polo solicitante para a realización do proxecto.

2.4.c. Así mesmo, se o orzamento ou oferta supera- se a contía de 12.000 €, deberá achegarse unha memoria económica xustificativa da elección dos provedores, se concorre calquera destas circunstan- cias:

-Cando a elección do provedor non recaia na ofer- ta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

-Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. Esta circunstancia terá que ser alegada expresamen- te polo solicitante que presentará dentro desta memoria económica un certificado do provedor eli-

xido en que se recolla e xustifique que é o único provedor existente no Estado, segundo o modelo dispoñible na web da consellería no enderezo descrito no artigo 2º desta convocatoria.

-Cando o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención, feito que se acreditará nesta memoria xustificativa mediante factura co seu correspondente pagamento.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

Artigo 7º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do contido da convocatoria e das bases reguladoras.

2. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia e economía e facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente a dita autorización, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo presentar neste caso as citadas certificacións.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

3. Igualmente, de conformidade co citado artigo 20 da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa está en poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a esa documentación, sempre que a dita documentación se manteña vixente se identifique nos formularios normalizados de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada e non pasasen máis de cinco anos desde a dita presentación.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistro de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así

como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondéndolle ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 9º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na corresponde convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 7º das bases reguladoras resulta que o solicitante non está ao día no de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. Neste caso o solicitante debera responder ao requirimento achegando a documentación orixinal ou copia cotexada.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda ou reparación poderanse facer mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios dispoñible na páxina web da Consellería de Innovación e Industria, ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose facer indicación que os seguintes actos administrativos do procedemento serán notificados a través do citado taboleiro.

3. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notifica-

ción individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse o solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración constituída de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 10º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidenta: a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

b) Dous vogais: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información e a xefa do Servizo de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

c) Secretario/a: un funcionario da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude. Tanto os membros da comisión como os membros da subcomisión técnica poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concurrir ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

6. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

7. O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

8. Sen prexuízo do recollido nos puntos anteriores, á vista da documentación dispoñible ou como resultado da valoración obtida, a comisión de avaliación pode considerar como non viables técnica, económica ou financeiramente un proxecto presentado, ben parcialmente ou ben na súa totalidade. Neste caso, estes investimentos non serán subvencionables.

9. A comisión de valoración, con carácter xeral para todos os proxectos presentados e seguindo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos, poderá establecer límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que xustificadamente se coide necesario,

10. Esta comisión, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 11 emitirá unha proposta razoada na que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Nesta proposta incluírase unha relación ordenada dos proxectos que reúnan os requisitos para ser financiados, no que se incluírá unha proposta de orzamento para eles, que será determinado segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos, e unha relación de proxectos non financiados, con indicación expresa dos motivos que concorran.

Artigo 11º.-Criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

Criterios de valoración	Puntuación
a.1) Repercusión social, atendendo á súa orientación a colectivos con especiais dificultades de integración na sociedade da información (para as liñas A, B, C, e D)	de 0 a 25 puntos
a.2) Repercusión social en canto a oportunidades de creación dos contidos que se propoñen ou da preservación e difusión dos xa existentes que se dixitalicen, de ser o caso (para a liña E)	
b) Emprego e difusión do software libre	de 0 a 25 puntos
c) Valoración da viabilidade e desenvolvemento temporal do proxecto	de 0 a 15 puntos
d.1) Adecuación dos relatores, profesores, ou provedores aos obxectivos da orde, con especial incidencia na súa traxectoria profesional ou solvencia técnica nas liñas A, B, C, e D	de 0 a 10 puntos
d.2) Valoración da calidade tanto na proposta técnica como nos contidos na liña E	
e) Adecuación dos investimentos aos obxectivos e actuacións da convocatoria con especial atención ao interese dos contidos e aos ámbitos de actuación citados	de 0 a 10 puntos
f) Compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado mantenga coa Administración autonómica así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables, especialmente en todo o que respecta á promoción e difusión do evento, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Para asumir este compromiso deberase consignar expresamente no punto 6 do anexo IV. Modelo de declaración da entidade.	de 0 a 10 puntos
g) Solicitude presentada correctamente sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria.	5 puntos

Artigo 12º.-Audiencia.

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 13º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderán superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 14º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administra-

tiva e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Cando por circunstancias técnicas se varíe o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. A entidade beneficiaria deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 17 de setembro de 2009, inclusive. De non facelo, implicará a perda da subvención afectada pola modificación e no caso que esta implique unha variación substancial do proxecto, a perda total da subvención concedida.

4. As modificacións que se refiran exclusivamente ao cambio de provedores seleccionados na solicitude, poderán solicitarse ata a mesma data de xustificación recollida no artigo 19º, debéndose achegar xunto coa solicitude de modificación un novo exemplar actualizado e asinado do anexo IV.

5. A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións, requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, que só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.

6. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 9º destas bases reguladoras.

Artigo 16º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a aceptada, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da devandita lei.

Artigo 17º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das entidades beneficiarias:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou gozo da subvención.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3º da Lei 9/2007, dese como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións requirírase ao solicitante ou beneficiario que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) A obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comuni-

dade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

e) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) A obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

i) Así mesmo, a entidade beneficiaria comprométese a dar publicidade do cofinanciamento por parte da Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), mediante o emprego dos logotipos e enderezos web correspondentes, que deberán exhibirse en todas as actividades e actos que se realicen no desenvolvemento dos proxectos subvencionados, así como no material promocional a que dea lugar o evento, curso ou contido dixital e do xeito máis adecuado.

j) En todo caso, toda a documentación ou publicidade que se faga das actuacións subvencionadas, incluída a través da web, farase, como mínimo, en lingua galega.

k) A entidade beneficiaria comprométese a colaborar coa Consellería de Innovación e Industria na difusión do proxecto, para o que esta consellería poderá solicitarlle información sobre o desenvolvemento da actuación, para a súa difusión.

Artigo 18º.-Subcontratación polos beneficiarios das actividades subvencionadas.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e poderá alcanzar o custo total da actividade propost .

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos nos cales recaian algunha das condicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da citada lei. Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos

seus órganos directivos ou xestores. (Ver apartado Provedores vinculados do anexo II).

Artigo 19º.-Xustificación da subvención.

1) Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar un exemplar con toda a documentación xustificativa (orixinal ou copia compulsada), nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 30 de novembro de 2009, tendo en conta que a documentación debe ser redactada en galego, no caso de ter asumido o compromiso de emprego do idioma galego recollido no punto 6 do anexo IV.

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible na web da consellería).

b) Memoria en que se constate a realización da actividade realizada.

c) Conta xustificativa, entendéndose como tal un documento asinado polo representante legal do solicitante, no que se asume a realización do proxecto subvencionado, cunha relación das facturas, gastos e pagamentos contabilizados con cargo ao proxecto subvencionado, así como o seu sometemento á normativa aplicable en materia de subvencións públicas e demais condicións impostas na resolución de concesión. Porase á disposición dos beneficiarios o modelo deste documento para cubri-lo.

d) Copia en formato electrónico dos relatorios ou contidos da acción formativa.

e) Xustificante dos investimentos: facturas dos provedores en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación prevista neste artigo. No caso de xustificar gastos de alta de conexión á internet, achegarase copia do contrato de alta. Así mesmo, no caso de custo de persoal, copias das nóminas, dos TC2 así como da vida laboral da persoa contratada.

f) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a cantidade e a data de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. No caso de custo de persoal xustificaranse os pagamentos á Seguridade Social mediante copia dos TC1 ou documento bancario acreditativo. Non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

g) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado (modelo dispoñible na web da consellería).

h) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o CIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

i) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamiento da Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, do Plan Avanza, do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

j) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

Toda aquela documentación que no momento da solicitude substituíu por unha declaración responsable de acordo co anexo IV.

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 20º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán solicitar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 21º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobramento ou, se é o seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concede a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.

3. Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II Do reintegro de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións administrativas previsto no título IV da citada Lei 9/2007.

5. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido, así como o xuro de demora correspondente, nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 22º.-Control.

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o artigo 42 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

Artigo 23º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, podendo substituírse esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 24º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma

de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición derogatoria única da devandita Lei 9/2007.

Así mesmo, aplicarase ao disposto na normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

ANEXO II

Definicións e descrições aplicables, por orde alfabética.

Canles personalizadas:

Adicionalmente aos medios de información xeral para todos os interesados, e con independencia dos medios preceptivos de notificación administrativa, a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información poderá pór á disposición dos solicitantes, a partir de que xa teñan presentada a súa solicitude, as seguintes canles personalizadas de actualización da información:

-Envío de correos electrónicos informativos ao enderezo electrónico que para tal fin, e de xeito voluntario, identifique a entidade na súa solicitude.

-Envío de mensaxes curtas de texto (SMS) informativas ao teléfono móbil que para tal fin, e de xeito voluntario, identifique o solicitante na súa solicitude.

-O taboleiro electrónico da convocatoria. Este taboleiro electrónico é a canle que permite o acceso restrinxido a través da internet á documentación individual xerada para cada solicitude. Para acceder ao contido do taboleiro electrónico, cada entidade deberá empregar un contrasinal que se facilita con cada solicitude ao cubrir os formularios, e que vén identificada na solicitude coa lenda, código electrónico. O taboleiro electrónico estará dispoñible na mesma páxina da internet a que se accede aos formularios normalizados da solicitude, agás que por publicación no DOG se remita a outro acceso a través da internet.

-Servizo de actualización de novidades RSS dispoñible sobre os contidos publicados no taboleiro electrónico. O servizo RSS permítelles aos interesados obter aviso de xeito automático da actualización de contidos nunha web determinada (neste caso o taboleiro electrónico da convocatoria), sen necesidade de ter que acceder á dita web a diario para verificar se esta foi actualizada.

-Calquera outra canle que, cos medios técnicos dispoñibles durante a vixencia da convocatoria, poida implementar a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información en beneficio dos interesados.

Criterios de accesibilidade:

De conformidade co disposto no artigo 4º da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, as administracións públicas exixirán que as páxinas da internet, cuxo deseño ou mantemento financien total ou par-

cialmente, apliquen, como mínimo, os criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos.

Para os efectos desta convocatoria de axudas identifícanse como criterios xeralmente recoñecidos as directrices de accesibilidade definidas polo grupo de traballo permanente Web Accessibility Initiative (WAI), do Consorcio para a World Wide Web (W3C), no seu nivel AA.

Presentación electrónica:

Para a presentación electrónica de solicitudes, considerarase o seguinte:

Será necesario que o presentador da solicitude sexa a persoa física solicitante ou que teña a representación legal da entidade solicitante, e como tal figure identificado nos formularios normalizados de solicitude. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

O presentador deberá posuír un certificado electrónico en vigor baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, conforme co disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Tamén será válido calquera outro certificado dixital aceptado polo Rexistro Telemático da Xunta de Galicia ao que se accede desde o enderezo <http://www.xunta.es> facendo uso do enlace Administración electrónica. Advírtese que os certificados deben ter exclusivamente atributos de persoa física, polo que se acredita a vontade da dita persoa física, non sendo válidos aqueles certificados electrónicos que ademais están vinculados a persoas xurídicas, xa que a vontade da persoa xurídica está limitada nestes certificados a un determinado alcance (por exemplo: exclusivamente para fines tributarios ante a AEAT, gastos menores dunha contía, etc.).

Xunto cos formularios de solicitude deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no punto 2 do artigo 6º das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización electrónica permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios.

Neste tipo de presentación, de conformidade co artigo 35.2º da Lei 11/2007, os interesados poderán xuntar ao expediente copias dixitalizadas dos documentos que se lles requiren, responsabilizándose e garantindo o representante legal da entidade solicitante a fidelidade de ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo ou rexistro o cotexo do contido das copias dixitalizadas presentadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Para achegar xunto cos formularios normalizados calquera destes documentos en formato electrónico, o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF, cuns requisitos mínimos de resolución a 200 dpi e polo menos en branco e negro. A aplicación informática definida na convocatoria, para facilitar a obtención dos formularios normalizados, permitirá no momento da presentación electrónica anexar aos citados formularios estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño, ou partirse en varios arquivos PDF para ser anexados separadamente.

Unha vez asinados co certificado electrónico do presentador os formularios normalizados e todos os documentos que acompañen a solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada, e nese momento, empregando as características da aplicación telemática, expedirase un recibo en que quedará constancia do feito da presentación segundo o recollido no dito Decreto 164/2005, e que poderá ser impreso e gardado polo interesado. A obtención do dito recibo (no cal entre outros datos aparecerán a data, hora, minutos e segundos da presentación e o número de entrada no rexistro telemático) é o que lle garante ao solicitante que a presentación tivo lugar sen erros, e acredita fronte á Administración e ante terceiros a devandita presentación.

De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, o servizo de presentación electrónica ante o Rexistro Telemático respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas ao respecto, estándares abertos e, de ser o caso, aqueles outros que sexan de uso xeral polos cidadáns. Estes principios non impiden que algún estándar particular non estea dispoñible. Así mesmo, de conformidade coa disposición transitoria única da Lei 11/2007, os rexistros telemáticos existentes á entrada en vigor da dita lei, como é o caso do creado polo Decreto 164/2005, serán considerados rexistros electrónicos e regularanse polo disposto na citada lei.

Provedores vinculados:

Sendo de aplicación diversos textos legais sobre a prohibición de provedores vinculados, achegamos os seguintes textos con carácter informativo, sen que substitúan os textos legais de aplicación:

-A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño de 2005), no seu artigo 27 dedicado á subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios, dispón no punto 7º o seguinte:

«7. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª.- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª.- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente».

-Supletoriamente resulta de aplicación a normativa de carácter básico do Estado en materia de subvencións, e máis concretamente o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, (BOE do 25 de xullo de 2006), que no seu artigo 68, dedicado á subcontratación das actividades subvencionadas, dispón:

«2. (...) considerárase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo.

b) As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagamento periódicos.

c) Ser membros asociados do beneficiario a que se refire o punto 2 e membros ou partícipes das entidades sen personalidade xurídica a que se refire o punto 3º do artigo 11 da Lei xeral de subvencións.

d) Unha sociedade e os seus socios maioritarios ou os seus conselleiros ou administradores, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.

e) As sociedades que, de acordo co artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do Mercado

de Valores, reúnan as circunstancias requiridas para formar parte do mesmo grupo.

f) As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e os seus representantes legais, patróns ou quen exerza a súa administración, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.

g) As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e as persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade que conforme normas legais, estatutarias ou acordos contractuais teñan dereito a participar en máis dun 50 por cento no beneficio das primeiras».

-No caso de sociedades, o citado artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do Mercado de Valores, dispón: «Para os efectos desta lei, aplicarase definición de grupo de sociedades establecida no artigo 42 do Código de comercio», e a redacción deste citado artigo 42 reflicte o seguinte:

«Existe un grupo cando unha sociedade teña ou poida ter, directa ou indirectamente, o control doutra ou doutras. En particular, presumirase que existe control cando unha sociedade, que se cualificará como dominante, se encontre en relación con outra sociedade, que se cualificará como dependente, nalgunha das seguintes situacións:

-Posúa a maioría dos dereitos de voto.

-Teña a facultade de nomear ou destituír a maioría dos membros do órgano de administración.

-Poida dispor, en virtude de acordos celebrados con terceiros, da maioría dos dereitos de voto.

-Teña designado cos seus votos a maioría dos membros do órgano de administración».

Recomendacións ambientais:

Como recomendacións do órgano xestor, e sen repercusión na valoración das solicitudes, cómpre establecer unha serie de pautas sobre a xestión ambiental dos expedientes administrativos, sinalando que a necesaria evolución cara á tramitación electrónica dos expedientes e a mellora na eficacia administrativa pasa polo emprego de boas prácticas, entre as que se atopan o emprego dos rexistros telemáticos ou unha xestión eficiente do papel.

No caso de presentación de solicitudes e documentación en papel, recoméndase encarecidamente o emprego de papel en tamaño DIN A4, sen usar grampas, nin espirais, carpetas clasificadoras, peches térmicos, arames ou calquera outro trebello que dificulte os procesos de arquivo e dixitalización da documentación. En todo caso, recoméndase como máximo o tradeado do papel con 2 ou 4 buratos, e a súa fixación con elementos metálicos tipo fastener, facilmente desmontables no caso de empregarse procesos de dixitalización.

Infórmase ademais que todas as carpetas, peches, encadernacións, portadas, bolsas ou separadores plásticos, ou calquera outro engadido ao papel, serán inmediatamente destruídas e/ou recicladas en canto os expedientes cheguen ao órgano xestor, polo que se recomenda non empregalos o que comporta o aforro correspondente. A estética da solicitude non é obxecto de valoración, aínda que si os contidos e a estruturación da información presentada.

Tamén se reitera a innecesiedade de engadir novas portadas ou follas de presentación ou calquera outro documento por diante da primeira folla dos formularios normalizados xerados pola aplicación informática, xa que a dita primeira folla xa dispón de todos os datos obrigatorios para a presentación ante calquera rexistro, resultando esas novas portadas máis un elemento de confusión para os funcionarios dos rexistros que de axuda.

Tamén no caso de presentación electrónica recoméndase o emprego de arquivos dixitalizados en formato DIN A4, cunha calidade mínima de 200 dpi e polo menos en branco e negro, non sendo necesarias calidades fotográficas senón de identificación da documentación e dos textos contidos na mesma.

Cando a entidade voluntariamente presente a documentación en papel ante a consellería, considérase recomendable achegar arquivos en PDF gravados en CDROM, en vez de en papel, cando os documentos teñan unha extensión excesiva (por exemplo, máis de 50 follas). Este feito é recomendable para

achegar memorias técnicas, programación e contido dos cursos, manuais de formación, ofertas económicas de grande complexidade ou extensión, etc. Nestes casos en que se presente un CD-ROM con arquivos PDF deberá achegarse tamén un escrito asinado polo interesado no que se relacione o contido dos documentos incluídos no CD-ROM.


Software libre:

Entenderase como software libre aquelas aplicacións informáticas que se ofrezan baixo os termos dunha das seguintes licenzas:


- GNU GPL (licenza pública xeral GNU).
- GNU LGPL (licenza pública xeral menor GNU).
- BSD (licenza pública BSD).
- MPL (licenza pública Mozilla).
- EUPL (licenza pública da Unión Europea).

Ou calquera outra que lle brinde ao usuario, unha vez obtido o programa, as posibilidades de poder usalo, copialo, estudalo, modificalo e redistribuílo libremente, cumprindo, deste xeito, coas catro liberdades do software libre.


Tamén será admitida calquera licenza das establecidas pola Open Source Initiative na definición de código aberto (ver en <http://www.opensource.org>).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e de Sociedade da Información



MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO



UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

ANEXO III (Folleto 1)
(modelo normalizado de solicitude)

PROCEDIMENTO <i>Subvencións a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, cuxa excepción das A.I.P.P., para actuacións de difusión e formación relacionadas cunha sociedade da información.</i>	CODIGO DE PROCEDIMENTO INS21C	DOCUMENTO SOLICITUD																
RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE AUTOR DO SOLICITANTE																		
CLIF	DIRECCIÓN	TELÉFONO																
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CURRÉLLO																
TELÉFONO	FAX	CODIGO IDENTIFICATIVO																
REPRESENTACIÓN LEGAL																		
APELLIDO 1	APELLIDO 2	ROLE																
<i>Para o caso de representación mancomunada, dase de 2º representante</i>																		
APELLIDO 1	APELLIDO 2	ROLE																
DATOS DO INVESTIMENTO/ACTIVIDADE																		
TÍTULO DO PROXECTO																		
INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VA REALIZAR		REVENCIÓN TOTAL SOLICITADA																
DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU ENTIDADE EN PODER DA CONSELLERÍA																		
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 80%;">FORMULARIOS DE SOLICITUDE E CARTAS DE ANEXO III A ANEXO IV, así como regulamento (para 2.1)</td> <td style="width: 20%;">Si, depoñendo coñecemento profesional/empresarial</td> </tr> <tr> <td>RECURSOS HUMANOS DESTACADOS (art. 6.º, párrafo 2.º)</td> <td>Si presenta <input type="checkbox"/> Non presenta <input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>COPIA DO OFI art. 6.º párrafo 2.º do Regulamento</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>FOTOCOPIAS DOGRI DA REGIÓNA OU REGIÓNS AUTÓNOMAS DE DESTACACIÓN (art. 6.º párrafo 2.º B)</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>CERTIFICADO DE REGISTRADO (art. 6.º párrafo 2.º B)</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>MEMORIA EDUCATIVA DA ACTIVIDADE (art. 6.º párrafo 2.º B)</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>ORGANIGRAMA E OFICINA DE TRABALLO DE CADA REGIÓNA (art. 6.º párrafo 2.º B)</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>LEZIONAMENTO</td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> </table>			FORMULARIOS DE SOLICITUDE E CARTAS DE ANEXO III A ANEXO IV, así como regulamento (para 2.1)	Si, depoñendo coñecemento profesional/empresarial	RECURSOS HUMANOS DESTACADOS (art. 6.º, párrafo 2.º)	Si presenta <input type="checkbox"/> Non presenta <input type="checkbox"/>	COPIA DO OFI art. 6.º párrafo 2.º do Regulamento	<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIAS DOGRI DA REGIÓNA OU REGIÓNS AUTÓNOMAS DE DESTACACIÓN (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DE REGISTRADO (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>	MEMORIA EDUCATIVA DA ACTIVIDADE (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>	ORGANIGRAMA E OFICINA DE TRABALLO DE CADA REGIÓNA (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>	LEZIONAMENTO	<input type="checkbox"/>
FORMULARIOS DE SOLICITUDE E CARTAS DE ANEXO III A ANEXO IV, así como regulamento (para 2.1)	Si, depoñendo coñecemento profesional/empresarial																	
RECURSOS HUMANOS DESTACADOS (art. 6.º, párrafo 2.º)	Si presenta <input type="checkbox"/> Non presenta <input type="checkbox"/>																	
COPIA DO OFI art. 6.º párrafo 2.º do Regulamento	<input type="checkbox"/>																	
FOTOCOPIAS DOGRI DA REGIÓNA OU REGIÓNS AUTÓNOMAS DE DESTACACIÓN (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>																	
CERTIFICADO DE REGISTRADO (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>																	
MEMORIA EDUCATIVA DA ACTIVIDADE (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>																	
ORGANIGRAMA E OFICINA DE TRABALLO DE CADA REGIÓNA (art. 6.º párrafo 2.º B)	<input type="checkbox"/>																	
LEZIONAMENTO	<input type="checkbox"/>																	
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 60%;">LEZIONAMENTO <i>Desde o día de 2008 polo que se establece un fondo regulador para o desenvolvemento de actividades económicas competitivas, das subvencións obxectivas, a entidade de dereito público privado, sen ánimo de lucro, con excepción das A.I.P.P., para promover actividades de difusión e formación relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información en Comunitàs Autónomas de Galicia, e se procede a súa convocatoria para 2008.</i></td> <td style="width: 40%;">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>INICIATIVA/PROXECTO/ACTIVIDADE QUE O REPRESENTANTE DA ENTIDADE</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td>En . . . de . . . de . . .</td> <td>/ /</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SALIDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>/ /</td> </tr> </table>			LEZIONAMENTO <i>Desde o día de 2008 polo que se establece un fondo regulador para o desenvolvemento de actividades económicas competitivas, das subvencións obxectivas, a entidade de dereito público privado, sen ánimo de lucro, con excepción das A.I.P.P., para promover actividades de difusión e formación relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información en Comunitàs Autónomas de Galicia, e se procede a súa convocatoria para 2008.</i>	NÚMERO DE EXPEDIENTE	INICIATIVA/PROXECTO/ACTIVIDADE QUE O REPRESENTANTE DA ENTIDADE	DATA DE ENTRADA	En . . . de . . . de . . .	/ /		DATA DE EFECTOS		DATA DE SALIDA		/ /				
LEZIONAMENTO <i>Desde o día de 2008 polo que se establece un fondo regulador para o desenvolvemento de actividades económicas competitivas, das subvencións obxectivas, a entidade de dereito público privado, sen ánimo de lucro, con excepción das A.I.P.P., para promover actividades de difusión e formación relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información en Comunitàs Autónomas de Galicia, e se procede a súa convocatoria para 2008.</i>	NÚMERO DE EXPEDIENTE																	
INICIATIVA/PROXECTO/ACTIVIDADE QUE O REPRESENTANTE DA ENTIDADE	DATA DE ENTRADA																	
En . . . de . . . de . . .	/ /																	
	DATA DE EFECTOS																	
	DATA DE SALIDA																	
	/ /																	

ANEXO V
(Modelo de renuncia)

D/Dª..., co DNI nº..., actuando en representación da entidade ..., que ten o seu enderezo en ...

MANIFESTA:

-O *Diario Oficial de Galicia* publicou o día ... a concesión da subvención que me foi outorgada ao abeiro da Orde do ..., pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a promover actuacións de difusión e formación relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria, con código de procedemento IN521C, para o proxecto ..., por unha contía de ...euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

.....de..... de.....

Asdo.: ...

(sinatura)

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE**

Resolución do 14 de novembro de 2008 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia.

Esta consellería resolveu a publicación da derradeira relación de beneficiarios, que se especifican no anexo, das axudas concedidas no ano 2008 ao abeiro da Orde do 31 de marzo de 2008, da Consellería de Cultura e Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia.

Estas axudas fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.433A.781.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Relación de beneficiarios

Beneficiario	Proxecto	Importe €	Modalidade
Lanzós González, Mª Carmen	Restauración hórreo na Forxa	3.200	b
Calveiro Moreira, Elsa	Conservación e mantemento hórreo en Chapa	3.600	b
Lorenzo Gil, José Gerino	Restauración hórreo en Bidueiros	4.980	b
Amarante Villanueva, Ramiro	Restauración hórreo en Vilaríño	3.200	b

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Corrección de erros.-Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 245, do 18 de decembro de 2008, cómpre efectuar as seguintes correccións no anexo IV:

Anular como prioritarias as especialidades «Auxiliar de enfermaría xeriátrica» SAN30 e «Técnico de control de calidade alimentaria» INAN50 por non estaren vixentes.

Incluír a existencia de centro homologado nas seguintes especialidades e comarcas: «Axudante de cociña» HOTR70 na comarca de Vigo; «Instalacións de enerxías renovables en edificios», ELEL13 na comarca de Pontevedra; «Instalador de sistemas de enerxía solar térmica», ENAE20, na comarca do Salnés; «Informática de usuario», IFCI23, na comarca de Terra de Celanova; «Conductor de vehículos clases C1-C», TMVC31, na comarca da Mariña Oriental e «Coidador de discapacitados físicos e psíquicos», SSCS01, na comarca de Santiago.

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e